CONCELLO DE SANTA COMBA
REXISTRO XERAL
24 NOV 2020
Entrada Nº ....................
Saída Nº 3564

MARCELO RECAREY ALVÉS
Informático municipal

Con data 24 de novembro de 2020 ditouse o decreto da alcaldía núm. 1218/2020 que deseguido se transcribe:

*<<DECRETO DE ALCALDÍA*

*Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno*

*A Corporación municipal, na sesión organizativa celebrada o día 12 de xullo de 2019, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias do Pleno do Concello, que deberán celebrarse cada dous meses, o 4º venres dos meses impares, ás 20:30 horas (oito e media do serán).*

***Considerando que o venres 27 de novembro de 2020 ás 18:00 horas (seis do serán) terá lugar o acto institucional de inauguración do campo de fútbol municipal de Fontenla, sendo coincidente esta data coa da celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello.***

*Considerando que o Pleno da Corporación municipal na sesión organizativa celebrada o 12 de xullo de 2019, aprobou, entre outros, este acordo extractado:*

***<<1.-PROPOSTA DO ALCALDE AO PLENO. ASUNTO: A FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DE SESIÓNS PLENARIAS***

*(..............)*

*De acordo con todo o indicado, elevo ao Pleno esta **PROPOSTA E ACORDO DE RESOLUCIÓN:***

*1 O Concello Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, o 4º venres dos meses impares, ás 20:30 horas (oito e media do serán).*

*2 **Facultar ao alcalde** para, previa a consulta cos voceiros dos grupos políticos municipais, pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno, dentro do mes da súa celebración, cando a data fixada sexa festivo, se atope incluído nun período vacacional **ou concorra outras circunstancias que así o aconselle.***

*3 Cando por razóns xustificadas non poida celebrarse á hora indicada, o cambio desta non implicará que a sesión non teña carácter ordinario.*

*Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.*

***<u>RESOLVO</u>***

***Primeiro**.- Pospoñer a convocatoria da sesión ordinaria quedando convocada a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **30 DE NOVEMBRO DE 2020 (luns), ás 20:30 horas (OITO E MEDIA DO***

FIRMADO POR David Barbeira García (FECHA: 24/11/2020 13:51:00)
Versión imprimible
CVD: p9SIwxXZif2ZjCfmQDXa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***SERÁN),*** *en primeira convocatoria, a celebrar no* ***SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO****, coa seguinte*

**ORDE DO DÍA**

| | |
|---|---|
| 1 | ***PARTE RESOLUTIVA***<br><br>***1.1.-APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:***<br><br>- *EXTRAORDINARIA: núm. 2020/8, do 18 de setembro de 2020*<br>- *ORDINARIA: núm. 2020/9, do 25 de setembro de 2020*<br>- *EXTRAORDINARIA: núm. 2020/10, do 28 de outubro de 2020*<br><br>*A/s acta/s incluída/s no presente punto para a súa aprobación será/n achegada/s xunto coa presente convocatoria.*<br><br>***1.2.-DESLINDE DO CAMIÑO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA QUE DISCURRE DE OESTE A ESTE (ATA O RIO ABUÍN) ENTRE AS PARCELAS 97 E AS PARCELAS 96-1 A 96-9 DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SANTA MARÍA DE ALÓN.***<br><br>***1.3.-TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 21/2020: "AMORTIZACIÓN DAS CUOTAS MENSUAIS DO PRÉSTAMO CONCERTADO CO IDAE (INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DE ENERXÍA"***<br><br>***1.4.- MOCIÓNS*** |
| 2 | ***PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)***<br><br>***2.1.- MOCIÓNS***<br><br>***2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA****: do 921/2020, do 14 de setembro de 2020 ata o 1174/2020, do 13 de novembro de 2020 (ambos inclusive);* ***ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS:*** *núm. 2020/16, do 28 de agosto de 2020; núm. 2020/17, do 11 de setembro de 2020; núm. 2020/18, do 25 de setembro de 2020; núm. 2020/19, do 9 de outubro de 2020 e núm. 2020/20, do 23 de outubro de 2020;* ***ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA E URXENTE:*** *núm. 2020/21, do 13 de novembro de 2020.*<br><br>***2.3.- ROGOS E PREGUNTAS*** |

*De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.*

***Segundo.-*** *Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Concello Pleno para a súa aprobación:*

| APELIDOS E NOME | GRUPO POLÍTICO | TIPO NOTIFICACIÓN |
|---|---|---|
| BARBEIRA GARCÍA, DAVID | Grupo mixto (CxG) | REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL |

FIRMADO POR David Barbeira García (FECHA: 24/11/2020 13:51:00)
Versión imprimible
CVD: p9SIwxXZif2ZjCfmQDXa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| *POSE RODRÍGUEZ, MARIA JOSEFA* | *PP* | ***REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO E NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL*** |
| *ESPASANDÍN TURNES, MARÍA ESTHER* | *PP* | ***REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO*** |
| *CANCELA BLANCO, SILVIA* | *PP* | ***REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO*** |
| *GARCÍA SUÁREZ, JOSÉ* | *PP* | ***NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL*** |
| *IGLESIAS MOURO, MANUEL ANDRÉS* | *PP* | ***REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO*** |
| *RODRÍGUEZ TORREIRA, JOSÉ MANUEL* | *PP* | ***REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO*** |
| *UCHA VELO, JOSÉ ANTONIO* | *PSdeG-PSOE* | ***NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL*** |
| *FAJÍN BARREIRO, CRISTINA* | *PSdeG-PSOE* | ***REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO*** |
| *TURNES ROMERO, CARLOS* | *PSdeG-PSOE* | ***REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO*** |
| *RUZO BLANCO, BLANCA MARÍA CARMEN* | *PSdeG-PSOE* | ***NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL*** |
| *ESPASANDÍN MARTÍNEZ, JOSÉ MARÍA* | *PSdeG-PSOE* | ***NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL*** |
| *ANTELO ÁLVAREZ, JESSICA* | *PSdeG-PSOE* | ***REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO*** |

*Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:*

*Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:*

FIRMADO POR David Barbeira García (FECHA: 24/11/2020 13:51:00)
Versión imprimible

CVD: p9SIwxXzif2ZjCfmQDXa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.*

*c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.*

*Santa Comba,*
*O alcalde* — *Dou fe, a secretaria xeral*

*David Barbeira García* — *Cristina Alonso Losada>>*

O que se pon no seu coñecemento a efectos de que o luns 30 de novembro de 2000 ás 20:30 horas (oito e media do serán) asista á sesión ordinaria do Pleno do Concello no Salón de Plenos da Casa do Concello para que proceda á gravación en video da celebración desta sesión plenaria.

Santa Comba,

O alcalde

David Barbeira García.

FIRMADO POR David Barbeira García (FECHA: 24/11/2020 13:51:00)
Versión imprimible

CVD: p9SIwxXZif2ZjCfmQDXa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.